

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 30 DE MAIO DE 2013.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:


D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez



Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:30 horas do día 30 de maio de 2013, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Feron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pasanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 25/04/2013, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

### **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 25/04/2013.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

### **2.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA TÉCNICO LINGÜÍSTICO 2012**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Fomento e Servizos Provinciais- Unidade Técnica de Normalización Lingüística, rexistro de entrada neste concello co n.º. 6823 en data 03/05/2013 no que se comunica a resolución de aprobación da

documentación xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 7, do 11 de xaneiro de 2012, para técnico lingüístico 2012 e o aboamento do segundo prazo da subvención por importe de 3.000,00 Euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## **2.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA PROGRAMA DE ANIMADORES CULTURAIS MUNICIPAIS 2011**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº. 727 en data 08/05/2013 no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención aboada como anticipo prepagable correspondente ó Programa de Animadores Culturais Municipais 2011 sendo o importe de subvención de 7.500,00 Euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## **2.3.- ESCRITO DE GAS NATURAL SUR, SDG, S.A. DE RECLAMACIÓN DE DÉBEDA POR CONTRATO NO MERCADO LIBERALIZADO**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado por Gas Natural Sur, SDG, S.A., rexistro de entrada neste Concello nº. 696 en data 06/05/2013 no que se reclama o pago de débedas de facturas de subministro eléctrico por importe total de 2.261,06 euros. Feitas as comprobacións oportunas, o departamento de contabilidade municipal comunica que ditas facturas foron pagadas en data 16/04/2013.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## **2.4.- ESCRITO DE GAS NATURAL SUR, SDG, S.A. DE RECLAMACIÓN DE DÉBEDA POR CONTRATO NO MERCADO REGULADO**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado por Gas Natural Sur, SDG, S.A., rexistro de entrada neste Concello nº. 697 en data 06/05/2013 no que se reclama o pago de débedas de facturas de subministro eléctrico por importe total de 7.446,64 euros. Feitas as comprobacións oportunas, o departamento de contabilidade municipal comunica que ditas facturas foron pagadas en data 16/04/2013.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## **2.5.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN POLO QUE SE COMUNICA A ASIGNACIÓN DO FINANCIAMENTO PARA A TRABALLADORA SOCIAL.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Familia e Inclusión, rexistro de entrada neste concello co nº. 701 en data 08/05/2013 no que se comunica o asignamento do financiamento para o concepto traballadora social pola contía de 15.013,00 Euros; tramitándose anticipo da anualidade 2013 pola contía correspondente ó 50% da cantidade financiada en 2012: 7.506,50Euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

## **2.6.- COMUNICACIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN ECOVIDRIO.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, rexistro de entrada neste concello co nº. 728 en data 08/05/2013 no que se comunica subscripción da Consellería o

terceiro Convenio de colaboración co sistema interado de xestión Ecovidrio para regular a recollida selectiva de envases de vidro.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.7.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA MANTEMENTO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Política Lingüística, rexistro de entrada neste concello co nº. 744 en data 10/05/2013 no que se comunica a resolución da concesión da subvención para Mantemento ou Reforzamento do Servizo Lingüístico (DOG nº 89 do 10 de maio de 2013) por un importe de 5.576,00 euros con data límite a remitir os xustificantes o 15/10/2013.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.8.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL IGUALDADE DE REVOGACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS PARA PROMOCIÓN DA IGUALDADE**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Secretaría Xeral Igualdade, rexistro de entrada neste concello co nº. 807 en data 21/05/2013 no que se notifica a resolución de revogación de concesión da axuda outorgada ao abeiro da Resolución do 4 de xanero de 2012, pola que se convocan para o ano 2012 as axudas e subvención a entidades locais para promoción da igualdade, resultando este Concello beneficiario da axuda do “Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes”, polo que se debe proceder a devolución da cuantía percibida en concepto de pagamento anticipado por importe de 1.123,20 Euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.9.- COMUNICACIÓN DA FEGAMP DE INGRESO PARA MANTEMENTO DOS CENTROS SANITARIOS**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), rexistro de entrada neste concello co nº. 824 en data 23/05/2013, para a realización de programas de atención e protección da saúde no que se comunica que se realizou o ingreso correspondente o 20% da cantidade total asignada ó Concello para o mantemento dos centros sanitarios de titularidade municipal, correspondente ó exercicio 2012, por importe de 414,07 Euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.10.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO DO 40% DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE VÍA PÚBLICA.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Fomento e Servizos Provinciais- Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada neste concello co nº. 854 en data 28/05/2013 no que se resolve o aboamento do 40% do importe da subvención “Acondicionamento de vía pública”

Importe da subvención: 5.193,01€

Importe a aboar: 2.077,20€.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.11.- ESCRITO DE GAS NATURAL FENOSA DE COMUNICACIÓN CON ESA COMPAÑÍA A TRAVES DO CORREO-E**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado por Gas Natural Fenosa, rexistro de entrada neste concello co nº. 646 en data 26/04/2013 no que se comunica a posta en operación dun correo-e de atención exclusiva para este Concello, onde poderán tramitar todo tipo de solicitudes, peticións de información e incidencias á conta de correo-e: [servicioatencionayuntamientos@gasnaturalfenosa.com](mailto:servicioatencionayuntamientos@gasnaturalfenosa.com)  
Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS**

#### **3.1.- LICENZAS**

##### **3.1.1.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA EXPLOTACIÓN DE AUTOCONSUMO NO LUGAR DE VILAR, PARROQUIA DE ÁNXELES, A INSTANCIA DE D. MANUEL GARCÍA NOVO.**

Visto o escrito número 577 de data 17/04/2013 no que por D. Manuel García Novo solicítase visita de comprobación ás instalacións destinadas á actividade para explotación de autoconsumo no lugar de Vilar, parroquia de Ánxeles, e se conceda a licenza para a posta en funcionamento da actividade.

Visto a acta de comprobación do enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Angel Delgado Cid, colexiado nº 4.657 no que se informa favorablemente a posta en funcionamento da actividade tras a visita de comprobación realizada para o outorgamento de licenza definitiva de actividade. A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a D. Manuel García Novo licenza definitiva de actividade de explotación de autoconsumo sita no lugar de Vilar, parroquia de Ánxeles, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecementos en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto, que deberá ser ingresada previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base imponible superficie ocupada = 140 m<sup>2</sup>

Tipo = 1 €/m<sup>2</sup>

Cuota a ingresar: 140,00 Euros.

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

##### **3.1.2.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 9-06-2013**

Vista a solicitude presentada por D. José Balado Casal con DNI nº 76514858E en calidade de presidente da asociación de cazadores “Do Barro” de Boimorto, e con domicilio en Lugar Queis - Azanca nº 24, Santa Cruz de Montaos, Ordes, na que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 9/06/2013 de 10.00 a 12.00 h da mañá para a celebración da asemblea ordinaria da asociación.

A Xunta de Goberno Local por unamidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Autorizar ao presidente da asociación de cazadores “Do Barro” de Boimorto, D. José Balado Casal, o uso do salón de actos da casa de cultura para o día 9/06/2013 de 10.00 a 12.00 h da mañá.

##### **3.2.2.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO CAMPO PARROQUIAL DE ARCEO PARA CELEBRACIÓN DUNHA CHURRASCADA.**

Vista a solicitude presentada por don Iván López Aguión, con DNI núm. 45871252Y e con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Canto do Balo nº. 3, parroquia de Arceo, Boimorto,

actuando en calidade de membro da comisión de festas patronais de Arceo, -nº rexistro de entrada 847 do 27.05.2013- solicitando o uso do campo da festa parroquial de Arceo para a celebración dunha churrascada o día 15 de xuño de 2013 a partir das 9 da noite, así como a disponibilidad de mesas e cadeiras propiedade do concello.

A Xunta de Goberno Local, en aplicación do artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986 do 13 de xullo, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar a D. Iván López Aguión con DNI núm. 45871252Y, en nome da comisión de festas de Arceo, o uso común especial do campo da festa parroquial de Arceo sito no lugar de Carballeira, o día 15 de xuño de 2013 a partir das 21:00 horas para a celebración dunha churrascada, así como a disponibilidad de mesas e cadeiras, condicionando a autorización a:

1º.- Os autorizados, ao rematar a churrascada, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

2º.- A solicitante queda responsabilizada da utilización das mesas e cadeiras que deberán ser conservadas no estado en que se atopan e entregan para o seu uso.

3º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione o día da celebración da churrascada.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado con expresión de recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

### **3.2.- PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**

#### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN DA FESTA DA CAPELA DA ASUNCIÓN, NA PARROQUIA DE ÁNxeLES**

Vista a instancia subscrita por **D. Abel Regueiro López**, veciño de Boimorto, encargado da organización da festa da Capela da Asunción, pretendéndose a súa celebración no lugar da **área recreativa de Corredoiras**, parroquia de **Ánxeles**, deste termo municipal, durante o día **1 de xuño de 2013**, cos documentos que á mesma se acompañan, solicitando a correspondente licenza desta Alcaldía; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de data 27 de Agosto de 1982, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autoriza-la celebración de bailes e verbenas populares gratuítos, ó aire libre, co núm. identificativo **2.9.2**, de acordo co Decreto 292/2004, de 18 de novembro de 2004, no mencionado lugar e parroquia, deste término municipal, durante o referido día, tal como se solicita.

A terminación de tales bailes e verbenas axustarase ó horario fixado regulamentariamente polo órgano competente.

Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demais establecementos de diversión ou servizo ó público sen proveerse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento. Igualmente cumprirase a Orde ministerial de 3 de outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artificio e similares.

Así mesmo, no que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada unicamente por empresas

instaladoras, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2º do art. 18 do Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión. Como anexo da licenza que se entregue ó solicitante, daráselle traslado, en folla á parte e supletoria, do contido da Orde ministerial que se cita anteriormente, así como do texto dos artigos 35 e 48 do varias veces citado Regulamento.

**SEGUNDO.-** Notifíquese este acordo ao solicitante e déase traslado do seu contido ao Xefe Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó Sr. Comandante do Posto da Garda Civil de Boimorto para o seu coñecemento e para os efectos dos artigos 74 e 78 ó 80, respectivamente, do xa reiterado Regulamento.

#### **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

##### **4.1.- URBANISMO**

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

##### **4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 11/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA NA VIVENDA SITA NA RÚA VILANOVA Nº 5 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. RAIMUNDO SALGADO PENAS.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Raimundo Salgado Penas DNI núm. 37563260M, e con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Vilanova nº 5 do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 777 de data 16/05/2013 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 5 da rúa Vilanova do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 27/05/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Raimundo Salgado Penas, con DNI núm. 37563260M (LO 11/2013) para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 5 da rúa Gándara do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **5.069,00.- Euros.**

Liquidación 2%: **101,38.- Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Raimundo Salgado Penas, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 12/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA NA VIVENDA SITA NA RÚA VILANOVA Nº 9 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. DAVID FRAGA GAREA.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. David Fraga Garea DNI núm. 79326388D, e con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Vilanova nº 9 do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 858 de data 29/05/2013 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 9 da rúa Vilanova do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 29/05/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. David Fraga Garea, con DNI núm. 79326388D (LO 12/2013) para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 9 da rúa Gándara do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **5.069,00.- Euros.**

Liquidación 2%: **101,38.- Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. David Fraga Garea, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.3.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 13/2013) PARA PINTADO DAS CATRO FACHADAS DA VIVENDA SITA NA RÚA ASIENTOS Nº 15 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS VERA SÁNCHEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Jesús Vereja Sánchez DNI núm. 76487963Z, e con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Asientos nº 15 do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 656 de data 29/04/2013 para o pintado das catro fachadas da vivenda sita no número 15 da rúa Asientos do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto, plano de situación e fotografía presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 6/05/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Jesús Vereá Sánchez, con DNI núm. 76487963Z (LO 13/2013) para o pintado das catro fachadas da vivenda sita no número 15 da rúa Asientos do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografía presentada.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **3.211,50.- €uros**.

Liquidación 2%: **64,23.- €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Jesús Vereá Sánchez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.4.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 14/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA DO ALPENDRE UBICADO POLA PARTE DE ATRÁS DA VIVENDA SITA NA PRAZA DA GÁNDARA Nº 2 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. PLÁCIDO TATO GARCÍA.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Plácido Tato García DNI núm. 33152459Y, e con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Gándara nº 52 do núcleo urbano de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 845 de data 27/05/2013 para a substitución do material de cuberta do alpendre ubicado na parte de atrás da vivenda sita no número 2 da Praza da Gándara do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 27/05/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo urbano coa ordenanza de edificación intensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Jesús Vereá Sánchez, con DNI núm. 76487963Z (LO 14/2013) para a substitución do material de cuberta do alpendre ubicado na parte de atrás da vivenda sita no número 2 da Praza da Gándara do núcleo urbano de Boimorto (solo urbano) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.

.- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **2.250,00.- €uros**.

Liquidación 2%: **45,00.- €uros**



**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Plácido Tato García, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.5.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 15/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA NA VIVENDA SITA NO LUGAR DE ARENTÍA Nº 9, PARROQUIA DE ANDABAO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ ANDRÉS PORTOS VÁZQUEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. José Andrés Portos Vázquez DNI núm. 33243595Q, e con domicilio para os efectos de notificacións no lugar de Arentía nº 9, parroquia de Andabao, Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 843 de data 27/05/2013 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 9 do lugar de Arentía, parroquia de Andabao, (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 27/05/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. José Andrés Portos Vázquez, con DNI núm. 33243595Q (LO 15/2013) para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 9 do lugar de Arentía, parroquia de Andabao, (solo de núcleo rural) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **6.850,00.- Euros.**

Liquidación 2%: **137,00.- Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José Andrés Portos Vázquez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.6.- ACHEGA NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN DE OBRA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN GANDEIRAS VACÚN DE LEITE TRAMITADA A INSTANCIA DE JOSÉ ÁNGEL GAREA E HIJOS.**

Visto o escrito presentado nestas oficinas por José Ángel Garea Sánchez como representante de JOSÉ ÁNGEL GAREA E HIJOS, nº rexistro de entrada 706 de data 08/05/2013, en relación á licenza de obra para ampliación de explotación gandeira vacún de leite no lugar de Algalia parroquia de Dormeá concedida por Xunta de Goberno Local (LO 28/2012), e posteriormente paralizada a obra por renuncia do director facultativo (Acordo Xunta de Goberno Local de 1/04/2013); achega nova dirección facultativa da obra, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Comunicar o levantamento da orde de paralización da obra de ampliación de explotación gandeira vacún de leite no lugar de Algalia parroquia de Dormeá, podendo

continuar a obra baixo as condicións sinaladas na notificación de outorgamento de licenza de obra.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.7.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 16/2013) PARA MODIFICACIÓN DE INSTALACIÓNS MECÁNICAS E SANEAMENTO NA ESTACIÓN DE SERVIZO CORREDOIRAS, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JUAN LÓPEZ SÁNCHEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Juan López Sánchez DNI núm. 34258362T, e con domicilio para os efectos de notificacións no lugar de Corredoiras nº 16, parroquia de Ánxeles, Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 695 de data 22/05/2013 para a modificación de instalacións mecánicas e saneamento na estación de servizo Corredoiras, parroquia de Ánxeles, (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo) segundo proxecto presentado redactado polo enxeñeiro industrial D. Eladio Bóveda González, colexiado nº 176 e visado electrónicamente polo ICOOIG co número CO121017.

Consta no expediente autorización do Servizo Provincial da Coruña da CMATI de data 25/09/2012 con condicionantes a ditas obras destacando que as obras se situen a máis de 12m da aresta exterior da explanación.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 28/05/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza expansión de núcleo. Advertíndo a Secretaria da necesidade de comprobar o cumprimento de normativa sectorial aplicable conforme o Real Decreto 2085/1994, de 20 de outubro, de Regulamento de Instalacións petrolíferas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Juan López Sánchez DNI núm. 34258362T (LO 16/2013) para a modificación de instalacións mecánicas e saneamento na estación de servizo Corredoiras, parroquia de Ánxeles, (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo) segundo proxecto presentado redactado polo enxeñeiro industrial D. Eladio Bóveda González, colexiado nº 176 e visado electrónicamente polo ICOOIG co número CO121017.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de conservación non afectarán a elementos estruturais.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.
- .- Os condicionantes da autorización do Servizo Provincial da Coruña da CMATI de data 25/09/2012 e os contidos en normativa técnica do Real Decreto 2085/1994, de 20 de outubro, de Regulamento de Instalacións petrolíferas.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **14.206,25.- Euros.**

Liquidación 2%: **284,13.- Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Juan López Sánchez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.8.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 17/2013) PARA PECHE DE PARCELA NO LUGAR DE TARREO DE ADENTRO CASAL DE MUNÍN, PARROQUIA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. ANTONIO SANDÁ CARDELLE.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Antonio Sandá Cardelle DNI núm. 32380589T, e con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Alcalde Peña Mariña de Llano, 2 5ºB A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1420 de data 06/09/2012 para “Proyecto de cierre de parcela” no lugar de Tarreo de Adentro Casal de Munín, parroquia de Boimorto, (solo de urbano con ordenanza de edificación extensiva) segundo proxecto presentado redactado polo arquitecto D: Manuel Varela Caabeiro, colexiado nº 2.117 e visado polo COAG en data 21/08/2012.

As obras que se pretenden realizar a altura da parte opaca do cerramento será de 0,50 m, completándose hasta unha altura de 1,5m nas condicións sinaladas no proxecto. Polo que respecta a urbanización executarase un acondicionamento da explanación existente, coa conseguinte apertura de gabias e preparación da caixa para recibir as distintas canalizacións, consistente en 15 cm de zorra artificial e 12 cm de grava 30/70mm. As obras do cerramento, nos lindeiros correspondentes co viario público, fronte a rúa Casal de Munín, cunha lonxitude de 27,25m, e fronte a rúa do Santo cunha lonxitude de 30,17m.

O cerramento será a base de bloque de formigón enfusado e pintado cunha altura de 1,0 m e tela metálica plastificada cunha altura de 0,50m, alcanzando unha altura total de 1,5m.

Con data 11/09/2012 os servizos técnicos municipais emiten informe cunha serie de observacións, polo que o 31/10/2013 presentan “Documentación adicional a cierre de parcela” asinada polo mesmo arquitecto.

Con data 28/11/2012 os servizos técnicos municipais emiten informe cunha serie de observacións, polo que con data 20/12/2012 presenta “Anexo a proyecto de cierre de parcela” asinado polo mesmo arquitecto e inclúe plano de cesión ao concello para regularización do viario segundo o PXOM de Boimorto.

Con data 08/01/2013 presenta “Documentación adicional a cierre de parcela” asinada polo mesmo arquitecto.

Con data 15/04/2013 os servizos técnicos municipais emiten informe cunha serie de observacións, polo que con data 08/05/2013 presentan “Documentación adicional a cierre de parcela” asinado polo mesmo técnico.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 08/05/2013 para a realización da dita obra que clasifica como maior en solo de urbano con ordenanza de edificación extensiva, así como que as características do peche axústanse ás condicións sinaladas no artigo 30.7 relativo aos cerramentos de fincas; e visto informe de Secretaría de data 30/05/2013 e as advertencias que constan no mesmo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Antonio Sandá Cardelle DNI núm. 32380589T (LO 17/2013) para o peche de parcela en Tarreo de Adentro Casal de Munín, parroquia de Boimorto, (solo de urbano con ordenanza de edificación extensiva) segundo proxecto presentado e documentación sinalada nos considerandos deste acordo, proxecto redactado polo arquitecto D: Manuel Varela Caabeiro, colexiado nº 2.117 e visado polo COAG en data 21/08/2012. Consta no expediente nomeamento de dirección de obra de D. Manuel Varela Caabeiro arquitecto colexiado nº 2117 visado electrónicamente polo COAG o 21/08/2012.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- Conforme ao proxecto presentado as obras non poderán iniciarse ata a elevación a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello para regularización do viario, alcanzando unha superficie de 165 m<sup>2</sup>, tal e como consta no plano nº 2 do Anexo ao proxecto de 20/12/2012 urbanizándose os mesmo nas condicións sinaladas no apartado 1.4 da Documentación adicional de 31/10/2012.

- .- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- .- Conforme ao proxecto presentado e o artigo 97 da normativa de plan relativos ao acceso rodado público pavimentado, subministro de enerxía eléctrica, redes municipais de elvacuación de augas residuais e abastecemento de auga, esta licenza queda condicionada á terminación das obras de urbanización que constan na documentación do expediente e serán previas ou simultáneas á obra, polo que se establece unha fianza de garantía de acordo co artigo 97.2 do PXOM de Boimorto de 2.817,00€.

- .- Na rúa Casal de Munín o acceso de vehículos recuarase 3,40, con respecto a aliñación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a seis meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **9.517,00 €**

Liquidación 2%: **190,34 €**

De acordo co artigo 97 do PXOM deberá establecer unha fianza de garantía de 2.817,00€, segundo presuposto de obras de urbanización recollido na “Documentación Adicional ao proxecto” de data 08/05/2013. A licenza carece de eficacia mentres non se constitúa esta garantía.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Antonio Sandá Cardelle, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.9.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 18/2013) PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E PECHE DE PARCELA NA RÚA O PAZO, PARROQUIA DE BOIMORTO, EXPEDIENTE TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JOSE CAJIDE MATO.**

Visto o procedemento tramitado a instancia de D. Jose Cajide Mato con DNI 76474412X e domicilio na rúa Betanzos, 1 3º C Sada, con rexistro de entrada no concello nº 469 de data 27/03/2013 para construción de vivenda unifamiliar aislada e peche de parcela na rúa do Pazo parroquia de Boimorto, pertencente a este termo municipal (solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva) conforme ó proxecto básico “Vivenda unifamiliar aislada y cierre de parcela” redactado pola arquitecta Dna. Marta Justo Vicente colexiada nº 2.280, visado dixitalmente polo COAG o 20/03/2013.

Con data 08/04/2013 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións.

Con data 02/05/2013, rexistro de entrada 658 presentan documentación relativa a correccións solicitadas polos servizos técnicos municipais, entre elas o nomeamento de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde visados polo Colexio Oficial de aparelladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación da Coruña.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiros de camiños, canles e portos, con data 02/05/2013 no que contempla que as condicións constructivas cumpren o establecido no artigo 30 do PXOM, que consta no expediente e visto informe de Secretaría municipal de data 30/05/2013 e as advertencias que constan no mesmo.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Jose Cajide Mato con DNI 76474412X e domicilio na rúa Betanzos, 1 3º C Sada, para construción de vivenda unifamiliar aislada e peche de parcela na rúa do Pazo parroquia de Boimorto, pertencente a este termo municipal (solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva) conforme a documentación mencionada nos considerandos deste acordo, cun orzamento de execución material de 46.658,39 Euros, sendo nomeado director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde o arquitecto técnico D. Javier López da Vila, colexiado nº 2.691.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
  - .- Sen prexuízo de doutras autorizacións sectoriais.
  - .- As obras non poden iniciarse ata que presente e sexa aprobado o proxecto técnico e presente oficio de dirección de obra.
  - .- O cerramento deberá contar coas características sinaladas en informe técnico que consta no expediente de data 02/05/2013.
  - .- Conforme ao proxecto presentado as obras non poderán iniciarse ata que presente acreditación de inscrición no Rexistro da Propiedade da escritura pública en relación a licenza de segregación da finca matriz concedida o 30 de agosto de 2012 de cesión de 9,22m2 para a regularización do viario.
  - .- Conforme ao proxecto presentado e o artigo 97 da normativa de plan relativos ao acceso rodado público pavimentado, subministro de enerxía eléctrica, redes municipais de evacuación de augas residuais e abastecemento de auga; carece de encintado e pavimentación de beirarúas, esta licenza queda condicionada á terminación das obras de urbanización que constan na documentación do expediente e sexan previas ou simultáneas á obra, establecéndose unha fianza de garantía de acordo co artigo 97.2 do PXOM de Boimorto de 524,83€.
  - .- Cumprirase a normativa do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
  - .- Necesaria obtención de licenza de primeira ocupación (Lei 8/2012 de 29 de xuño, artigos 42 e 44) que se solicitaría presentando certificado final de obra do técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada, e solicitude de previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais en aplicación do artigo 195 da LOUGA para a obtención de licenza de primeira ocupación.
- A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, do saneamento, da electricidade, do gas, das telecomunicacións e doutros servizos comunitarios.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 46.658,39 Euros.

Liquidación 2%: **933,18 €**

De acordo co artigo 97 do PXOM deberá establecer unha fianza de garantía de 524,83€, segundo o total do valor das obras de urbanización necesarias. A licenza carece de eficacia mentres non se constitúa esta garantía.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ó interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

## **4.2.- OBRAS E SERVIZOS**

### **4.2.1.- COMPROMISO DE REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NA 1ª FASE E 2ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO “PLAN DTC-94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”**

Vista a circular remitida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, Sección Plans especiais, con entrada neste Concello nº 812 en data 22/05/2013, relativa ao prazo de presentación na deputación da documentación xustificativa da execución das obras incluídas na 1ª e 2ª fase da anualidade 2012 do Plan DTC-94: Unha deputación para todos os concellos, no que se informa que ata o día 31 de maio de 2013 o concello deberá realizar unha das seguintes opcións:

A) Presentar un escrito comprometéndose a presentar a documentación xustificativa da execución no prazo establecido que remata o día 30-6-2013

B) Solicitar unha prórroga do prazo de execución.

Considerando que as obras xa están executadas ao cen por cen só falta que polo director das obras as certifique, en uso das facultades delegadas na Xunta de Goberno Local en materia de contratación, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Comunicar á Excm. Deputación Provincial da Coruña que este Concello se compromete a remitir a documentación xustificativa da execución das obras denominadas “Mellora de camiños en Campo da Lanza, Liñeiro, Pedreira, Quintás, Souto, Currás, Lobomorto e Ribadas” e “Mellora de camiños en Casal, Pazo, Carballido, Barral e Piñeiro”, obras incluídas no “Plan DTC-94: Unha deputación para todos os concellos” do ano 2012 antes do 30 de xuño de 2013, en cumprimento do disposto na circular indicada nos considerandos deste acordo.

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa remitida á sección de Plans Provinciais da Excm. Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

### **4.2.2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA MELLORA DE CAMIÑOS EN SANTALLA, FORNELOS, IGREXA, VILANOVA E QUIÑOY, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2013. EXPEDIENTE COPNSP 3/2013**

Visto o expediente tramitado para a contratación da obra incluída no Plan de obras e servizos 2013 “Mellora de camiños en Santalla, Fornelos, Igrexa, Vilanova e Quiñoey” por procedemento negociado sen publicidade (expte. COPNSP 3/2013), no que se declara como oferta económica máis ventaxosa determinada por decreto da alcaldía nº 106/2013 de data 16/05/2013, de acordo

co cumprimento do establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, acordo que se transcribe literalmente:

<<Visto o expediente relacionado coa obra do POS 2013 “Mellora de camiños en Santalla, Fornelos, Igrexa, Vilanova e Quiñoy” por procedemento negociado sen publicidade (expte. COPNSP 3/2013)

Iniciado e aprobado dito expediente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 28/02/2013, constando no expediente informe de secretaría-intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á aplicación orzamentaria do orzamento municipal para a anualidade 2013 15.9H.61900 quedando un orzamento final 39.371,57 euros e 8.268,03 euros de IVE (47.639,59 ive engadido).

Visto o acordo adoptado por decreto 101/2013 de data 09/05/2013, onde se acorda remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B para emisión de informe técnico de valoración, informe que se emite con data 14/05/2013 e que se transcribe literalmente:

<<INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN OFERTAS (SOBRE B-REFERENCIAS TÉCNICAS)

EMPRESA	CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.	ANTONIO FILLOY, S.A.
A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL <input type="checkbox"/>			
a) PROGRAMA DE TRABAJO (de 0 a 0,50 puntos)	0,25	0,45	0,5
B) PROGRAMA DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 0,50 puntos)	0,35	0,45	0,5
C) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (de 0 a 19 puntos)	2,00 0,00 0,00	2,00 0,00 0,00	3,00 5,00 9,00
D) ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE (de 0 a 13 puntos)	6	6	10
B) CRITERIOS CON CARÁCTER ESPECÍFICO <input type="checkbox"/>			
PROPOSTA DE REDUCCIÓN DE PLAZOS DE EXECUCIÓN (de 0 a 10 puntos)	1	1	1
<b>SUMA TOTAL</b>	<b>9,6</b>	<b>9,9</b>	29

En Boimorto, a 14 de maio de 2.013  
 Ángel Delgado Cid  
 CERNE INGENIERÍA, S.A.>>

Aperturados os sobre C que conteñen as ofertas económicas comprobando que o licitador Antonio Filloy, S.A realiza baixa por importe de 86.59 €uros en relación co prezo de licitación quedando o importe de adxudicación en 47.553 €uros ive incluído, acadando a puntuación de oferta económica:

Puntuación sobre C Construcciones González y González, S.A. = 0 puntos.

Puntuación sobre C Martínez Montes e Hijos, S.L. = 0 puntos.

Puntuación sobre C Antonio Filloy, S. A. = 0,44 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que reñen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por acordo da Xunta de Goberno Local de 28/02/2013, vista a valoración que consta en informe técnico de data 14/05/2013 por D. Ángel Delgado Cid da empresa Cerne Ingeniería, S.A adxudicataria do

servizo de asistencia técnica urbanística neste Concello e valorando a oferta económica coa puntuación total obtida por cada licitador:

**Total puntuación Construcciones González y González, S.A. = 9,60 puntos.**

**Total puntuación Martínez Montes e Hijos, S.L. = 9,90 puntos.**

**Total puntuación Antonio Filloy, S.A. = 29,44 puntos.**

En aplicación do artigo 14 da Lei 30/1992 avocando as competencias delegadas por esta alcaldía presidencia na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por decreto nº 201/2011 con data 27/06/2011, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Declarar como oferta máis ventaxosa a presentada por **Antonio Filloy, S.A** con CIF A36016665, para contratación da obra “Mellora de camiños en Santalla, Fornelos, Igrexa, Vilanova e Quiñoy” por procedemento negociado sen publicidade (expte. COPNSP 3/2013) a executar segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid Colexiado nº 4.657 en decembro 2012 cun orzamento de execución segundo o prezo ofertado por Antonio Filloy, S.A de 47.553 €uros (prezo sen iva = 39.300 € iva = 8.253 €), obra a executar en 30 días naturais.

**SEGUNDO.-** Requerir a **Antonio Filloy, s.A.**, comprobada a súa capacidade para contratar coa Administración e que está o corrente das súas obrigas tributarias con Facenda e coa Seguridade Social, para que no prazo de dez días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 1.965 €uros (5% **importe adjudicación sen iva**) advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta.

Boimorto dezaseis de maio de dous mil trece

O Alcalde

Perante min:

A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Anabel Corral Corral>>

Presentada polo adxudicatario Antonio Filloy, S.A., con data 28/05/2013 rexistro de entrada número 851 garantía definitiva por importe de 1.965,00.- €uros mediante aval do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A con NIF A-48265169 inscrito no Rexistro especial de avais baixo o número 0182000779847.

En aplicación do disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público artigos 151, 154 e 156, e tendo en conta a delegación que en materia de contratación foi realizada pola Alcaldía a favor desta Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local por unanimidade en exercicio de competencias delegadas por esta Alcaldía **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Adjudicar o contrato de obra licitado por procedemento negociado sen publicidade “Mellora de camiños en Santalla, Fornelos, Igrexa, Vilanova e Quiñoy”, COPNSP 3/2013 a Antonio Filloy, S.A., polo prezo de 47.553.- €uros (prezo sen iva = 39.300.- €uros iva = 8.253,00.- €uros), obra que terá que executar no prazo de 30 días naturais, conforme ao disposto nos pregos que rexen a presente contratación, o proxecto de obra que consta no expediente e nos termos da súa oferta, condicionada como a máis ventaxosa pola baixa realizada na oferta económica, motivando a puntuación nos considerandos deste acordo, en función da valoración outorgada polos criterios de adjudicación que constan no prego de condicións administrativas particulares.



**SEGUNDO.-** Notificar esta adjudicación ó/s interesado/s neste procedemento contractual indicando o réxime de recursos, así como o adjudicatario indicándolle que terá un prazo de quince días hábiles dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo de adjudicación definitiva para a formalización do contrato en documento administrativo.

**TERCEIRO.-** Nomear como director da obra a D. Ángel Delgado Cid, colexiado nº 4.657

**CUARTO.-** Certificación deste acordo cólguese no perfil do contratante desta administración.

#### **4.2.3.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: MELLORA DO CENTRO DE DÍA E MINIRRESIDENCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

Visto o plan de seguridade e saúde no traballo presentado neste Concello polo contratista Construcciones Ángel Jove, S.A.U con CIF nº A-15.034.564 en desenvolvemento dos estudos básicos de seguridade e saúde que constan no proxecto da obra "Mellora do centro de día e minirresidencia do Concello de Boimorto".

Visto o informe de aprobación asinado polo coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra Dna. María Arufe Noya.

En aplicación do artigo 7 do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción artigo que se transcribe a continuación literalmente:

**"Artículo 7. Plan de seguridad y salud en el trabajo.**

1. En aplicación del estudio de seguridad y salud o, en su caso, del estudio básico, cada contratista elaborará un plan de seguridad y salud en el trabajo en el que se analicen, estudien, desarrollen y complementen las previsiones contenidas en el estudio o estudio básico, en función de su propio sistema de ejecución de la obra. En dicho plan se incluirán, en su caso, las propuestas de medidas alternativas de prevención que el contratista proponga con la correspondiente justificación técnica, que no podrán implicar disminución de los niveles de protección previstos en el estudio o estudio básico.

En el caso de planes de seguridad y salud elaborados en aplicación del estudio de seguridad y salud las propuestas de medidas alternativas de prevención incluirán la valoración económica de las mismas, que no podrá implicar disminución del importe total, de acuerdo con el segundo párrafo del apartado [4 del artículo 5](#).

2. El plan de seguridad y salud deberá ser aprobado, antes del inicio de la obra, por el coordinador en materia de seguridad y de salud durante la ejecución de la obra.

**En el caso de obras de las Administraciones públicas, el plan, con el correspondiente informe del coordinador en materia de seguridad y de salud durante la ejecución de la obra, se elevará para su aprobación a la Administración pública que haya adjudicado la obra.**

**Cuando no sea necesaria la designación de coordinador, las funciones que se le atribuyen en los párrafos anteriores serán asumidas por la dirección facultativa.**

3. En relación con los puestos de trabajo en la obra, el plan de seguridad y salud en el trabajo a que se refiere este artículo constituye el instrumento básico de ordenación de las actividades de identificación y, en su caso, evaluación de los riesgos y planificación de la actividad preventiva a las que se refiere el [Captulo II del Real Decreto por el que se aprueba el Reglamento de los Servicios de Prevencin](#).

4. El plan de seguridad y salud podrá ser modificado por el contratista en función del proceso de ejecución de la obra, de la evolución de los trabajos y de las posibles incidencias o modificaciones que puedan surgir a lo largo de la obra, pero siempre con la aprobación expresa en los términos del apartado 2.

Quienes intervengan en la ejecución de la obra, así como las personas u órganos con responsabilidades en materia de prevención en las empresas intervinientes en la misma y los representantes de los trabajadores, podrán presentar, por escrito y de forma razonada, las sugerencias y alternativas que estimen oportunas. A tal efecto, el plan de seguridad y salud estará en la obra a disposición permanente de los mismos.

**5. Asimismo, el plan de seguridad y salud estará en la obra a disposición permanente de la dirección facultativa.”**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar en aplicación do artigo 7.2 do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde na obra de construción, o plan de seguridade e saúde no traballo relacionado coa obra "Mellora do centro de día e minirresidencia do Concello de Boimorto”.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao contratista destas obras indicándolle que unha vez aprobado, polo contratista daráselle traslado do mesmo á autoridade laboral competente e ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada axena a mesma e aos representantes dos traballadores para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

#### **4.2.4.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO CONTROL DE CALIDADE DE AUGA DO CONSUMO HUMANO E DA PISCINA MUNICIPAL**

Visto que na Xunta de Goberno Local celebrada o día 25/04/2013 acordou comunicar á empresa AQUAGEST, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, S.A o cumprimento e necesidade de resolución do contrato de servizo de control de calidade de auga do consumo humano e da piscina municipal asinado o 12/05/2011, notificada a dita empresa a proposta de resolución, outorgando un prazo de audiencia de 10 días naturais de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, recibida notificación segundo acuse de recibo o 07/05/2013 rematando o prazo para presentar alegacións o 17/05/2013 sen que foran presentadas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Acorda a resolución do contrato de servizo de control de calidade de auga do consumo humano e da piscina municipal asinado o 12/05/2011 coa empresa AQUAGEST, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, S.A.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á empresa aos efectos oportunos.

#### **4.2.5.- APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DE AUGA DO CONSUMO HUMANO E DA PISCINA MUNICIPAL (CSPNSP 1/2013)**

Visto o expediente de contratación do servizo de control de calidade de auga do consumo humano e da piscina municipal, tendo dito contrato un orzamento de execución 4.500 € anuais, ive incluído, constando no expediente certificación de existencia de crédito de intervención, informe de secretaria, pregos de prescricións particulares e técnicas que haberán de rexer a

contratación por procedemento negociado sen publicidade no marco do Real decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 109 do TRLCSP RDLex 3/2011, con fundamento no cumprimento da normativa de análise de auga.

Considerando a necesaria tramitación urxente desta contratación en aplicación do artigo 112 do TRLCSP 3/2011 motivada na necesidade de realizar mensualmente as análíticas do servizo de abastecemento municipal de auga e análise de auga da piscina.

A Xunta de Goberno Local con competencias delegadas en materia de contratación pola Alcaldía, en aplicación do disposto no artigo 110 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación do contrato administrativo de servizo de control de calidade de auga do consumo humano e da piscina, cun importe de execución por contrata de 4.500 euros anuais, ive incluído, por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía do servizo, contratación conforme aos pregos de prescricións administrativas particulares e técnicas que están no expediente e que se realizará por tramitación urxente ante a necesidade das análises.

**SEGUNDO.-** Declarar de aplicación á presente contratación os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas que constan no expediente, que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade deste servizo non suxeito a regulación harmonizada recollendo o prego de prescricións particulares do contrato os criterios de adxudicación do mesmo.

**TERCEIRO.-** Visto informe de intervención entender autorizado o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 31.227 do orzamento municipal para a anualidade 2013 polo importe de 4.500 €uros, incorporando ao exercicio 2014 remanente desta partida ata o que reste do ano.

**CUARTO.-** De conformidade co establecido no artigo 320.1 do TRLCSP non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

**QUINTO.-** Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación e solicitar a oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realizar a adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo isto no expediente. Acordar dirixir oferta ás seguintes empresas: Aqualogy Medio Ambiente, S.L con CIF: A-08332975, Espina & Delfín, S.L con CIF: B-15026693 e Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L con CIF: B-15987399

#### **4.2.6.- MODIFICADO DA OBRA “MEJORA DEL ENTORNO DEL ALBERGUE DE LA BAIUCA”**

Á vista da posibilidade de que sexa necesario realizar unha modificación no contrato de obras de Mellora do albergue da Baiuca , debido a mellora da accesibilidade e seguridade cós cambios propostos en reformado de proxecto orixinario de maio de 2013 asinado por D. Angel Delgado Cid, substituíndo o aparcamento en zorra por aparcamento pavimentado en hormigón , sen que se propoña un aumento do prazo de execución nin do prezo do contrato.

Examinada a documentación do expediente, proxecto modificado quedando pendente informe técnico , visto informe de secretaría intervención desta data 30/5 contrario á aprobación deste modificado , e de conformidade co establecido no artigo 110 e a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Iniciar o expediente de modificación do contrato de obras de Mellora do entorno da albergue da Baiuca , segundo a documentación que consta no expediente visto proxecto

modificado redactado por D. Angel Delgado Cid en maio de 2013 , afectando á obra cuxo contrato foi asinado o 22/11/2012 sendo o contratista Antonio Filloy S. A. Con CIF A-36016665 mantendo o prezo onde houbo baixa en 2,71€ que será de 25.421,49€ máis iva do 21%.

**SEGUNDO.-** Dar audiencia ao contratista por un prazo mínimo de tres días hábiles , para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes

### **5.- ASUNTOS ECONÓMICOS**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
502/0000010015-25/05/13	Ikea Ibérica, S.A. / A28812618	Papeleiras para a residencia e persoas maiores e centro de día	47,92 €
Ticket 25/04/2013	U.T.E. Choupana U-83458570	Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	4,70 €
Ticket 06/05/2013		Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	2,20 €
Ticket 07/05/2013		Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	1,75 €
Ticket 23/05/2013		Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	2,20 €
19-25/04/13	María Teresa López Alonso / 76624257X	Servizo de podoloxía na residencia de persoas maiores, centro de día e servizos externos mes de abril 2013	364,00 €
24-23/05/13		Servizo de podoloxía na residencia de persoas maiores, centro de día e servizos externos maio 2013	294,00 €
F12/06888-15/05/13 □	Arzuagas, S.C. J-15927882	Tres cargas de propano para a residencia e centro de día	175,50 €
A-V2013-00001094525-07/05/13	Mercadona, S.A. / A-46103834	Produtos de aseo para a residencia de persoas maiores	88,05 €
24-06/03/2013	María García Liñeira / 76517938-C	Dous menús servidos traballadores do concello	19,80 €
197-27/03/13	José María Fraga Prado / 33210960H	Cancela de castaño colocada na escaleira da residencia	296,81 €
198-27/03/13		Estanteria para a festa do queixo en Arzúa	199,65 €
200-04/04/13		Taboleiros Magreco 2013	216,06 €
0093/S13-06/05/13	Talleres San Fins, S.L. / B15432453	Latiguillo camion recollida de lixo matrícula C-6849-BK	43,39 €
013-CV/95-21/04/13	Ems Aytms, S.L. / B15497100	Indumentaria para a fisioterapeuta da residencia	53,37 €
B/271-01/03/13	Oscar Carreira García / 78796945A	Material de limpeza para a residencia e centro de día	426,05 €

B/404-03/04/13		Material de limpeza para a residencia e centro de día	225,27 €
B/403-03/04/13		Material de limpeza para o concello	63,91 €
B/550-30/04/13		Material de limpeza para o concello	161,08 €
B/551-30/04/13		Material de limpeza para a residencia	309,81 €
1833 c - 11/04/13	Jelu Hostelería, S.L. / B-27231505	Reparación na residencia	214,09 €
0000294-01/05/13	TDS Consultores S.L. / B-47207634	Mantemento aplicación Geriges mes de maio 2013	59,29 €
5/01303413-25/04/13	NEA F3 Iberica, S.L.U B-15361348	Mantemento fotocopiadora oficinas municipais BH C353 período 19/03/13-19/04/13	349,81 €
5/01303414-25/04/13		Mantemento fotocopiadora servizos sociais K-7022 período 19/03/13-22/04/13	22,94 €
06B/45-30/04/13	Coregal Parques e Xardíns S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes abril 2013	1.300,00 €
06E/4-05/04/2013		Segar parcela exposición maquinaria Magreco 2013	106,64 €
4001115259-30/04/13	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de abril 2013	228,63 €
FRO20132506517-30/05/13		Publicidade sen dirección boletín informativo nº 69	52,50 €
D-468-07/05/13	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo automoción	2.950,00 €
294-30/04/13		Gasolina para o cortacésped e desbrozadora	57,00 €
D-397-23/04/13		Gasóleo calefacción residencia de persoas maiores	2.297,92 €
C 90.873-15/05/13	Recambios Santiagueses, S.L. B-15214349	Material para reparación de vehiculos municipais, reparación desbrozadora e cortacésped pequeno e material de mantemento	833,50 €
749.964-02/05/13	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial maio 2013	328,90 €
750.582-02/05/13		Mantemento ascensor residencia maio 2013	329,18 €
7-30/04/13	Santiago Vázquez Rodríguez / 78782260S	Traballos realizados en transporte de zorra para arranxo de camiños municipais	435,60 €
70-A-08/03/13	Manuel J. Uzal Gómez / 76498650Y	Cen pegatinas vinilo transparente para contenedores de envases lixeiros	393,25 €
2013/1081-30/04/13	Sociedade Galega de Medio Ambiente A-15379803	Tratamento RU mes de abril 2013	2.974,19 €
0101-1300452-30/04/13	Cogami Reciclado de Galicia, S.L. / B-15467962	Recollida de residuos do 01/04/13 ao 30/04/13	95,07 €

40/13-29/05/13	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468	Servizo de asistencia técnico-urbanística mes de maio 2013	2.420,00 €
004116-30/04/13 □	Fernando J. Sánchez García / 76505509B	Material para reparación beirarrúas	48,10 €
1-11043505-29/04/13	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confeción nóminas e seguros mes de abril 2013	680,87 €
1-11043606-28/05/13		Confeción nóminas e seguros mes de maio 2013	634,89 €
000877-07/05/13	Control de Plagas Andrade SL / B15989692	Cota bimestral servizos de desinfección, desinsectación e desratización e servizos de prevención de legionella na residencia de persoas maiores	611,72 €
000912-13/05/13		Cota bimestral polos servizos de desinsectación e desratización colexio, casa de cultura, centro de saúde e casa consistorial maio 2013	356,41 €
950968752-30/04/13	KONE Elevadores S.A. / A-28791069 □	Servizo de mantemento ascensor □colexio abril 2013	238,99 €
50207-02/05/13	Río Blanco, S.L. / B-15424047	Hipoclorito sódico para o depósito de Boimil	283,14 €
203-191/13 F-3/05/13	Aquagest, S.A. / A28220606	Control calidade de auga do mes de abril 2013	485,20 €
A/2229-19/01/13	Improset Gráficas / B-70030655	Impresión, grabación e manipulado de CD's certame de reis	1.815,00 €
S/268-30/04/13	Tramebhor / B-15930969	Pezas para a retroexcavadora	48,40 €
13 937-14/05/13	Químicos y Celulosas, S.L. / B-15670391	Ambientador para a residencia e centro de día	75,79 €
S13/49024-01/04/13	La Voz de Galicia, S.A. / A15000649	Subscrición concertada dende 01/01/13 ata 31/12/13 servizo de luns a venres concello	239,00 €
S13/045976-01/04/13		Subscrición concertada dende 01/01/13 a 31/12/13 servizo de luns a domingo residencia e centro de día	349,00 €
Relación de data 06/05/2013. Rexistro de entrada nº 695	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A-65067332	Recibos de subministro de luz ao alumeado público	6045,96 €
Relación de data 22/05/13. Rexistro de entrada nº 815 □		Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	1752,18 €
		Abono local social Gánara	-4,71 €
		Recibos de subministro de luz ao alumeado público	4278,30 €
		Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	1334,04 €
		Abono alumeado Carballeira (Arceo)	-3,52 €
03130240000997-	Unión Fenosa	Recibo de subministro de luz	

22/03/13	Comercial, S.L. / B82207275	alumeado da Gándara período 02-01-13/15-02-13	1578,29 €
03130310282749-23/03/13		Recibo de subministro de luz alumeado da Gándara período 15-02-13/18-03-13	583,93 €
03130310283385-23/03/13		Recibo de subministro de luz residencia e centro de día período 15-02-13/18-03-13	1554,72 €
03130310284253-23/03/13		Recibo de subministro de luz polideportivo período 15-02-13/18-03-13	131,06 €
03130310319477-27/03/13		Recibo de subministro de luz estación potabilizadora período 18-02-13/20-03-13	80,53 €
03130310284252-23/03/13		Recibo de subministro de luz colexio período 15-02-13/18-03-13	996,80 €
03130240001003-22/03/13		Recibo de subministro de luz piscina municipal período 02-01-13/15-02-13	126,87 €
03130310279919-23/03/13		Recibo de subministro de luz piscina municipal período 15-02-13/18-03-13	89,66 €
03130240001001-22/03/13		Recibo de subministro de luz campo de fútbol período 02-01-13/15-02-13	1.237,79 €
03130310277079-23/03/13		Recibo de subministro de luz campo de fútbol período 15-02-13/18-03-13	772,66 €
Rexistro de entrada 694 Data: 06/05/13 03130410228798-20/04/13		Recibo de subministro de luz alumeado da Gándara período 18-03-13/15-04-13	523,16 €
03130410220217-20/04/13		Recibo de subministro de luz residencia e centro de día período 18-03-13/15-04-13	1.531,04 €
03130410220441-20/04/13		Recibo de subministro de luz polideportivo período 18-03-13/15-04-13	187,76 €
03130410289495-25/04/13		Recibo de subministro de luz estación potabilizadora período 20-03-13/17-04-13	70,37 €
03130410220095-20/04/13		Recibo de subministro de luz colexio período 18-03-13/15-04-13	834,48 €
03130410226703-20/04/13		Recibo de subministro de luz piscina municipal período 18-03-13/15-04-13	86,45 €
03130410224329-20/04/13		Recibo de subministro de luz campo de fútbol período 18-03-13/15-04-13	557,96 €
03130410052796-06/04/13		Recibo de subministro de luz casa consistorial período 04-02-13/04-04-13	748,22 €

03130110434610-27/04/13		Recibo de subministro de luz albergue período 13-12-12/02-01-13	74,57 €
03130210434594-28/04/13		Recibo de subministro de luz albergue período 02-01-13/15-02-13	226,46 €
03130310407530-29/04/13		Recibo de subministro de luz albergue período 15-02-13/18-03-13	140,25 €
03130410351383-30/04/13 Rexistro de entrada 814 Data: 22/05/13		Recibo de subministro de luz albergue período 18-03-13/15-04-13	243,55 €
28-E381-737260-01/05/13	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Recibo teléfonos móviles período 18/03/13 a 17/04/13	157,92 €
TA4D00432030	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	65,31 €
TA4D00444203		Recibo teléfono centro maiores	98,64 €
TA4D00432029		Recibo teléfono xulgado de paz	24,42 €
TA4D00441842		Recibo teléfono ascensor concello	
		Recibo teléfono oficinas Concello	
		Recibo teléfono PAI	16,91 €
TA4D00442109		Recibo teléfono residencia	
		Recibo teléfono ascensor residencia	290,83 €
TA4D00432032			25,27 €
TA4D00449812			102,28 €
TA4D00449353			20,40 €
TA4D00443106 19/05/2013			0,96 €

### **5.2.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-**

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 4317 m<sup>3</sup> (menos 4105 m<sup>3</sup> da lectura do trimestre anterior = **212 m<sup>3</sup>**) e nº 07SE117232 = 1141 m<sup>3</sup> (menos 1090 m<sup>3</sup> da lectura do trimestre anterior = **51 m<sup>3</sup>**) TOTAL: 263 m<sup>3</sup>, realizada polo encargado de obras e servizos de urbanismo deste Concello, D. Luis González Guerra, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade

#### **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio 263 m<sup>3</sup> x 0,21 euros = 55,23 € + 5,52 (IVE do 10%) = 60,75 €.

**SEGUNDO.-** Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

### **5.3.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA**

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

#### **<<INFORME SOCIAL**

**INSTITUCIÓN:** Concello de Boimorto. Servizos sociais  
**INFORME EMITIDO POR:** M<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo



**DATA DO INFORME:** 30/05/2013

**DIRIXIDO A:** XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, proponse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía das seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:*

**1.- JOSÉ MANUEL PAZ VARELA - FISIOTERAPIA**  
**VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**2.- MANUEL VÁZQUEZ GARCÍA - FISIOTERAPIA**  
**VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**3.- PEDRO JESÚS RAPOSO GARCÍA - FISIOTERAPIA**  
**VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**4.- JOSÉ GARCÍA VARELA - PODOLOXÍA**  
**VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**5.- ROSALIA LODEIRO SÁNCHEZ - PODOLOXÍA**  
**VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**6.- MARÍA MISERICORDIA COSTOYA VÁZQUEZ - FISIOTERAPIA**  
**VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

*Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>*

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a José Manuel Paz Varela, Manuel Vázquez García, Pedro Jesús Raposo García e María Misericordia Costoya Vázquez e no servizo de podoloxía a José García Varela e Rosalia Lodeiro Sánchez.

**SEGUNDO.-** Notificar aos beneficiarios destes servizos que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de abril, maio e xuño do 2013. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

#### **5.4.- ESCRITO DE D. VÍCTOR GONZÁLEZ JOVE, ACTUANDO EN REPRESENTACIÓN DA EMPRESA CONSTRUCCIONES ÁNGEL JOVE, S.A.U., SOLICITANDO AUTORIZACIÓN PARA SUBSTITUCIÓN DE AVAIS BANCARIOS POR SEGUROS DE CAUCIÓN**

Visto o escrito presentado por D. Víctor González Jove, con DNI nº 79.319.413-A, con domicilio en Rúa Menéndez Pelayo, nº 1, 15005 A Coruña, actuando en representación da empresa Construcciones Ángel Jove, S.A.U., con CIF: A-15034564, no que solicita autorización para substituír os tres avais bancarios depositados como garantía definitiva para responder da execución das obras “Construción de centro de día e miniresidencia en Boimorto” por seguros de caución, que son:

- A) Aval número: 0049-6756-07-2110002507. Importe: 62.472,85 Euros
- B) Aval número: 0049-6756-01-2110002685. Importe: 3.951,09 Euros.
- C) Aval número: 0049-6756-01-2110002516. Importe: 10.738,00 Euros.

A Xunta de Goberno Local, en virtude do establecido no artigo 96.1.c do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, por unanimidade **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Informar favorablemente a substitución dos tres avais bancarios (indicados nos considerandos deste acordo) depositados pola empresa Construcciones Ángel Jove, S.A.U. para responder en relación coa execución das obras “Construción de centro de día e miniresidencia en Boimorto” e mantemento de polizas de seguros durante o periodo de garantía das mesmas, por seguros de caución condicionando a futura autorización de cancelación de avais á previa presentación por rexistro de entrada neste Concello de certificados de seguros de caución que deberán ser aceptados pola Alcaldía antes de autorizar a cancelación dos avais bancarios anteditos.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado.

#### **5.5.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS**

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses marzo e abril da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Marzo 2013	20130133	Recollida selectiva	648,43	64,84	713,27
Marzo 2013	20130135	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,77	0,48	5,25
Abril 2013	20130136	Recollida selectiva	585,86	58,59	644,45
Abril 2013	20130137	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,12	0,41	4,53

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO.-** Remitir as facturas números 20130133, 20130135, 20130136 e 20130137 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

#### **5.6.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR**

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes ao mes de marzo e abril da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Marzo 2013	20130134	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	68,01	6,80	74,81
Abril 2013	20130138	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	60,66	6,07	66,73

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO.-** Remitir as facturas números 20130134 e 20130138 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

#### **5.7.- APROBACIÓN AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO EXERCICIO 2013**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada 689 en data 03/05/13, recordando que durante este mes de maio as entidades subministradoras veñen obrigadas a presentar o modelo de autoliquidación do canon de auga (modelo AU230A) correspondente ao primeiro cuadrimestre do exercicio 2013.

Visto o padrón do canon de auga aprobado por decreto da alcaldía número 72/2013 de data 27 de marzo de 2013 correspondente ao primeiro trimestre do período impositivo de 2013, cunha liquidación de 2.925,52 Euros, exposto ao público durante o prazo de 15 días a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP (Data de publicación no BOP 12 de abril de 2013 número 70).

Considerando que o prazo de cobramento en período voluntario finaliza o día 26 de xuño de 2013.

Visto o importe do canon de auga recadado ata o día da data, 30 de maio de 2013, por importe de 2.918,02 Euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a autoliquidación do canon da auga correspondente ao primeiro cuadrimestre do exercicio 2013 por importe total de 2.918,02 Euros con cargo a conta extraorxamentaria 2310 do orzamento municipal de 2013

**SEGUNDO.-** Efectuar o ingreso na conta número 2080/5355/60/3110037252 de Novagalicia Banco.

### **5.8.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN Á FEIRA VERDE DE SILLEDA E O SANTUARIO DA NOSA SRA. DO CORPIÑO**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán a excursión a Feira Verde de Silleda e o Santuario de Nosa Sra. do Corpiño redactadas en data 29/05/2013 polo normalizadora lingüística e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN Á FEIRA VERDE DE SILLEDA E O SANTUARIO DA NOSA SRA. DO CORPIÑO**

##### **1.- Concepto**

Establecemento do prezo público para a excursión a Feira Verde de Silleda e o Santuario da Nosa Sra. do Corpiño; o día 13 de xuño de 2013. O xantar será en Silleda e de volta farase unha parada no Santuario.

A hora e lugar de saída do autocar é entre as 10:15h do Centro Social Municipal de Maiores.

O prazo de inscrición remata o 7 de xuño. Os menores de idade deberán ir acompañados por un adulto.

O obxecto desta actividade é o de fomentar a participación conxunta de veciños/as e dar a coñecer a todos diferentes lugares da xeografía de Galicia.

O mínimo de participantes será 25 e ata un máximo de 80.

##### **2.- Obrigados o pagamento**

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

##### **3.- Contía**

O prezo público da actividade é de 18 euros por persoa. O prezo inclúe o desprazamento en autocar e xantar; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

No caso de bebés, ou nenos/as pequenos/as que coman pola súa conta deberán pagar só o gasto de desprazamento, é dicir, 10€.

##### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

##### **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 29 de maio de 2013

A normalizadora lingüística

A animadora sociocultural

Considerando que a Xunta de Goberno Local en aplicación do artigo 4 do acordo municipal sinalado pode, de forma conxunta para todos os participantes motivando o acordo en razóns de interese público que serían fomento da actividade cultural no Concello de Boimorto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para a excursión a Feira Verde de Silleda e o Santuario de Nosa Sra. do Corpiño redactadas en data 29/05/2013 polo normalizadora lingüística e a animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 18 €.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

### **5.9.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NO VERÁN 2013**

Vistas as bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos con motivo das actividades de verán redactadas en data 29/05/2013 polo animador deportivo, pola normalizadora lingüística e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS DO VERÁN 2013.**

En aplicación do desposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos do Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010.

Bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos para as actividades de verán 2013:

1.- Obxeto.

O obxeto destas bases e o establecemento de prezos públicos para as seguintes actividades que serán realizadas neste Concello no verán de 2013:

#### **□ Escolas de natación para nenos e adultos**

APRENDE A NADAR I; nenos que non saben nadar.

Horario: 12:15 – 13:00 h. tódolos días da semana. Do 8 de xullo ó 30 de agosto

Prezo: deberase contar con carné de socio para acceder a dito curso, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar. De non contar con carné de socio deberase aboar 0,50 € diario para o uso da piscina.

APRENDE A NADAR II; nenos que saben aguantarse sen axuda(manguitos, churros...). Paso dunha proba.

Horario: 13:00 a 13:45 h. tódolos días da semana. Do 8 de xullo ó 30 de agosto

Prezo: deberase contar con carné de socio para acceder a dito curso, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar. De non contar con carné de socio deberase aboar 0,50 € diario para o uso da piscina.

NATAción ADULTOS: a partir de 18 anos

Horarios: luns e mércores de 13:45 a 14:30 h. Do 8 de xullo ó 30 de agosto.

Prezo: deberase contar con carné de socio para acceder a dito curso, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar. De non contar con carné de socio deberase aboar 1 € diario para o uso da piscina.

#### **□ Campamentos de verán**

Actividades de todo tipo como talleres infantís, xogos, actividades deportivas, rutas de sendeirismo, saídas ó aquapark, proxección de películas... Elaborarase un plan semanal con recomendacións e lugares onde se realizará a actividade diaria.

Dous grupos: de 4 a 8 anos e de 9 a 13 anos. Mínimo 10 participantes por grupo.

Horario: do 8 ó 31 de xullo polas mañás de 10:00 a 13:00. O **bus** do concello percorrerá diversas parroquias para recoller ós nenos e volvelos a deixar.

Instalacións: complexo recreativo da piscina, campo de fútbol, pavillón polideportivo e casa da cultura.  
Prezo: deberase contar con carné de socio para acceder a dita actividade, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar.

#### □ **Escola de fútbol 7**

Aprendizaxe do deporte por medio de exercicios técnicos e tácticos con xogos, circuítos e partidos. Nivel medio.

Nenos de 6 a 14 anos, dous grupos.

Horario: martes e xoves do mes de xullo, de 16:00 a 17:15. Comezo o 9 de xullo.

Instalación: complexo recreativo do campo de fútbol.

Prezo: deberase contar con carné de socio para acceder a dito curso, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar. Mínimo 7 inscritos por grupo.

#### □ **Campamento + 14 anos**

Quenda, con manutención e aloxamento incluído, de dous días e unha noite. Faranse actividades deportivas, xogos e velada nocturna.

Idade: Maiores de 14 anos.

Horario: entrada o venres 2 de agosto ás 16:00 e saída o sábado 3 a partir das 16:00 da tarde.

Instalación: albergue do Concello de Boimorto

Prezo: gratuíto. Mínimo 10 inscritos

#### □ **Ruta BTT**

Saída en bicicleta BTT Bicicleta Todo Terreno (montaña) facendo un percorrido de 20 kms. polo concello. Saída dende a casa do concello. A partir de 14 anos.

Horario: luns 5 de agosto ás 11:00 da mañá.

Recomendacións: levar casco, chaleco ou camiseta reflectinte e bebida.

Prezo: Gratuíta. Mínimo 8 inscritos.

#### □ **Aquagym**

Exercicios acuáticos que con baixo impacto nas articulacións favorece a circulación sanguínea, a corrección postural, a tonificación muscular, mellora cardiovascular e a relaxación. De 16 anos en adiante.

Horario: martes e xoves de 13:45 a 14:30. Do 9 de xullo ó 30 de agosto.

Instalación: piscina municipal de Boimorto.

Prezo: deberase contar con carné de socio para acceder a dito curso, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar.

#### □ **Ximnasia de mantemento adultos**

Actividade que mellora a nosa saúde física con diversos exercicios de tonificación, flexibilidade... xogos e deportes adaptados ó grupo. De 16 anos en adiante.

Horario: xoves dos meses de xullo e agosto, de 20:00 a 21:00. Comezo o 11 de xullo.

Instalacións: pavillón polideportivo de Boimorto.

Prezo: deberase poseerse carné de socio para acceder a dito curso, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar. Mínimo 10 inscritos.

#### □ **Ximnasia de mantemento maiores**

Actividade dirixida a maiores de 60 anos, con exercicios adaptados á idade e grupo: exercicios de baixo impacto, mobilidade articular, tonificación...

Horario: martes dos meses de xullo e agosto de 11:30 a 12:30. Comezo o 9 de xullo.

Instalacións: pavillón polideportivo de Boimorto.

Prezo: deberá poseerse carné de socio para acceder a dito curso, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar. Mínimo 10 inscritos.

#### □ **Ximnasia no centro de maiores**

Actividade dirixida a maiores de 60 anos, con exercicios adaptados á idade e grupo: exercicios de baixo impacto, stretching, mobilidade articular...

Horario: todos os días da semana durante o mes de xullo de 12:15 a 13:00. Excepto venres que será de 11:15 a 12:00.

Instalacións: centro de maiores de Boimorto.

Prezo: actividade gratuíta.

#### □ **Baile**

Actividade física ó ritmo da música, con diferentes tipos de bailes e coreografías dirixidas (aeróbic, batuka, zumba, aerobox, ritmos latinos...). A partir de 16 anos.

Horario: martes dos meses de xullo e agosto, de 20:00 a 21:00. Comezo o 9 de xullo.

Instalacións: pavillón polideportivo de Boimorto.

Prezo: deberá poseerse carné de socio para acceder a dito curso, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar. Mínimo 10 inscritos.

#### □ **Ximnasia postural**

Actividade na que se realizarán diversos exercicios con FITBALL (bola de fitness) e con colchoneta de fitness GAP (Gluteos, Abdominais e Pernas) , co obxectivo de mellorar e manter o control e estabilidade postural, liberando así o corpo das tensións acumuladas debido á cantidade de tempo que pasamos en posturas corporais a veces prexudiciais, así como adquirir un bo ton muscular.

Horario: luns dos meses de xullo e agosto, de 19:00 a 20:00. Comezo o 9 de xullo.

Instalación: casa da cultura de Boimorto

Prezo: deberá poseerse carné de socio para acceder a dito curso, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar. Mínimo 10 inscritos.

#### □ **Actividades de raqueta**

Aprendizaxe técnico con xogos e circuítos. Competicións de habilidades e partidos. Nivel: básico e medio. A partir de 16 anos.

Horario: martes e xoves do 9 de xullo ó 30 de agosto

TENIS E BADMINTON I: de 18:00 a 19:00 (iniciación)

TENIS E BADMINTON II: de 19:00 a 20:00 (perfeccionamento)

Instalacións: pista de tenis exterior ó lado do colexio e pavillón.

Recomendacións: levar raqueta propia, en caso de non tela prestaráselle.

Prezo: deberá poseerse carné de socio para acceder a dito curso, 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar. Mínimo 8 inscritos por grupo.

#### □ **Saídas ó aquapark**

Saída ó aquapark de Cerceda. Comerase no campo, levar comida, crema protectora e gorra. Terán preferencia os nenos anotados ó campamento de verán, así como nenos empadroados. Os nenos menores de 10 anos deberán ir acompañados dun adulto, os maiores de 10 que vaian solos deberán entregar previa autorización asinada.

Horario: venres 12 e 19 de xullo. Saída ás 11:00 do campo do Rosario e volta ás 19:00 no mesmo lugar.

Inscripcións e prazo: anotarse no concello 5 días antes de cada saída.

Prezo: 5 € día. Os non empadroados 2 € máis por entrada e día. Como mínimo 15 inscritos.

#### □ **Festa do neno mollado**

Levaranse a cabo xogos, ximkana e probas con auga. Imprescindible anotarse no concello.

Horario: sábado 27 de xullo a partir das 16:30 da tarde.

Instalación: piscina municipal de Boimorto.

Prezo: actividade gratuíta.

#### □ **Torneo fútbol 3 e 5**

Disciplina de fútbol 5 para nenos e fútbol 3 para adultos.

Data e lugar: sábado 10 de agosto no mini campo herba artificial a Gándara.

Equipos e horarios: categoría base: de 7 a 15 anos. 11:00-14:00

categoría adultos: a partir de 16 anos. 16:00-20:00

Premios: trofeo ó vencedor de cada categoría.

Regras e emparellamentos: poderanse consultar na pax.web do

concello.

Prazo de inscrición: ata o 8 de agosto.

**Normas:** primará a deportividade, si non existe esta o equipo será eliminado do torneo.

#### □ **Saídas á praia**

Pasar unha xornada de praia gozando do sol e da auga. O bus sairá do centro de maiores ás 11:00 da mañá e regresará ás 19:00. Para todas as idades, os menores deberán ir acompañados dun adulto. Terán preferencia as persoas empadroadas. Como mínimo deberá haber 15 inscritos.

Data: os martes 2 e 23 de xullo e 6 de agosto.

Inscrición e prazo: anotarse no concello 5 días antes de cada saída

Prezo: 6 € por día.

#### □ III e IV Ruta de Senderismo “Descubre Galicia”.

(Circular, 15 kms aprox. Dificultade media). O sitio de partida informarase no momento de anotarse, faremos un percorrido por diversas parroquias do concello regresando ó mesmo punto de partida.

Recomendacións: calzado cómodo, gorra, chubasqueiro, calcetíns de reposto, levar comida e bebida (tentenpé).

Inscricións: ata o día 26 de xullo e 23 de agosto respectivamente na casa do concello. Actividade gratuíta. Mínimo 10 participantes.

#### 2.- Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios dos servizo/s e actividades culturais e deportivas organizadas por este Concello.

#### 3.- Contía

- Escolas de natación para nenos/as e adultos
- Campamentos de verán
- Escola de fútbol 7
- Aquagym
- Ximnasia de mantemento adultos
- Ximnasia de mantemento maiores
- Ximnasia postural
- Baile
- Actividades de raqueta

Estar en posesión do Carné de socio

- Saídas ó aquapark
- Saídas á praia

5 € día participante  
6 € día participante

#### 4.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago dos prezos das distintas actividades efectuarase do seguinte modo:

- Escolas de natación para nenos/as e adultos, campamentos de verán, escola de fútbol 7, aquagym, ximnasia de mantemento adultos, ximnasia de mantemento maiores, ximnasia postural, baile, actividades de raqueta, saídas ó aquapark, saídas á praia.

O 100% ó que se completen o mínimo de persoas para que se leve a cabo a actividade e se de trámite á solicitude de inscrición.

Boimorto, 29 de maio de 2013.

O animador deportivo

A normalizadora lingüística

A animadora sociocultural

M<sup>a</sup> Amalia Seoane Barreiro

Sylvia Cea Vázquez

Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:



**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases establecemento dos prezos públicos das actividades culturais e deportivas do verán 2013, redactadas polo animador deportivo, pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en:

- Escolas de natación para nenos/as e adultos
  - Campamentos de verán
  - Escola de fútbol 7
  - Aquagym Estar en posesión do Carné de socio
  - Ximnasia de mantemento adultos
  - Ximnasia de mantemento maiores
  - Ximnasia postural
  - Baile
  - Actividades de raqueta
- 
- Saídas ó aquapark 5 € día participante
  - Saídas á praia 6 € día participante

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola secretaria dáse conta dos decretos números 91, 95, 96, 97, 102, 105, 109, 112, e 113 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 15:14 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez